




MINI ENQUISA EXPOSALNÉS

A presente enquisa tivo lugar desde o 22 de Xaneiro até o 2 de Febreiro do presente ano 2012 (duración de doce días). Foi realizada integramente vía internet, restrinxíndose a unha enquisa por ordenador (restricción de IP's) cun total de 51 participantes. En total constaba de dúas preguntas, unha totalmente aberta na que os participantes podían escribir libremente e outra de resposta múltiple.

Este pequeno estudo foi impulsado pola web Cambados(tk) (url real: cambadostk.wordpress.com) e publicitada a través das canles desta páxina nas redes sociais Facebook e Twitter.

RESULTADOS ÍNTEGROS



Question
02

Explica con liberdade a(s) túa(s) propostas para Exposalnés. Podes ou ben matizar as que elixiches na pregunta anterior ou expoñer novas ideas.

Answers
23
45%

Skips
28
55%

Sería útil para calquera dos usos, sen ánimo de lucro, que revirta nos cidadáns de Cambados, onde eles poidan participar sin distigos de ningunha cor política.

Para uso administrativo non, porque sería a casa particular dos que estean no concello(que sempre son os mesmos, por certo), para d.o. rías baixas, tampouco, porque son entidades privadas con ánimo de lucro.

Tamén podería ser un lugar para desarrollo de novos talentos no mundo das artes, non?. Cambados ten boa materia prima. Ánimo!

En definitiva, un uso no que non interviran os políticos, é posible?

Proposta feita en clave localista, para coller maior peso na comarca

Somos un número considerable de artistas cambadeses os que nos vemos obrigados a pasar desapercibidos por non ter onde expoñer gratuitamente as nosas obras. O Concello gusta de presumir no noso nome de dar "apoios á cultura" cando en realidade son becas que se lles dan ós catro de sempre.

salas de ensallo

Mercouse para ser a Sede do Consello Regular e se gastou máis de dous millóns de euros. E logo, gastouse outra millonada para o Pazo Torrado, e máis do mesmo. E con todo este diñeiro gastado, Cambados aínda non disfruta de ter a Sede do Consello Regulador, como se merecería. Ademais, creo que calquer uso cultural ben organizado sempre axudaría a promover a gran cultura que ten Cambados. Pero que non sexa un museo do viño, o da pesca máis; senón que se organice para ter unha boa calidade.

Penso que é un sitio bastante axeitado pra usos culturais, dende organización de obradoiros ata cursiños e seminarios de todo tipo, así como actos formais de presentacións artísticas. Propoño a organización dun cinefórum.

No caso de darlle un uso cultural como museo/arquivo estaría ben se nel se mostrasen aspectos de por exemplo Ramón Cabanillas e Asorey, sen mesturar, pero empregando todo o espazo, entrando ca idea de que non vai ser un espazo valeiro, no que apenas se aporten datos ó visitante como ocorre ca casa-museo de Ramón Cabanillas...pero en todo caso, e falando de Cambados, que conta con moitos espazos adicados a museos xa, e mal aproveitados, quizais sería máis útil crear unha especie de centro social, con unha parte ocupada con puntos de información ó cidadán en distintos aspectos (información para a sociedade en aspectos como integración social, violencia de xénero, sexualidade, actividades de tempo libre, información sobre as posibilidades que temos como cidadáns, do tipo, asociacionismo, como facer chegar as nosas propostas ás administracións, etc). Outra parte dese centro social podería estar formada por espazos para a xuventude, con sofás, mesas, libros, corchos que faciliten a comunicación... onde quen vaia poida modelar o espazo ó seu gusto (en positivo). Proporcionaría un espazo cuberto gratuito do que Cambados carece...

Por favor, deteñamos este sinsentido de facer museos a diestro e siniestro. Realmente alguén cre que facer un museo a Asorey ou a Ramón Cabanillas vai a atraer máis turistas a Cambados? Todos sabemos que son uns grandes artistas, pero sinceramente, e con todos os meus respetos, ate dubido que vaian os propios cambadeses...

Exposalnés é un espazo moi grande onde se poden levar a cabo distintas actividades. Por qué non aproveitar ese auditorio do que dispón para fomentar un pouco a música ou o teatro? Poñelo a disposición dos cidadáns que non dispoñan dun lugar mellor onde ensaiar, ou incluso para levar a cabo actuacións.

Todo isto podería ser incluso autoxestionado polos usuarios.

E na zona de abaixo (nos corredores) poderían facerse exposicións itinerantes, da mesma maneira que se fai en algún local. Os que algunha vez estiverades no clube de jazz de Santiago, o dadodadá saberedes do que falo. Cada varias semanas renovan as súas paredes enchendoas de novas exposicións de pintura ou fotografía. Isto si que podería axudar a que os cambadeses utilizasen de cando en cando estas instalacións, en lugar de tentar atraer a uns turistas que probablemente non veñan.

Estas exposicións fomentarían que a xente fose por ali e se enterase das actividades culturais ali levadas a cabo (as antes mencionadas música ou teatro) e viceversa. Isto ademais propiciaría un contacto entre os artistas da zona que pode ser moi beneficioso á hora da súa formación.

Probablemente haberá xente que non estea dacordo comigo, pero sei de primeira man que outra moita si o está.

Saúdos.

Eu a parte que é un edificio de 3 ou 4 prantas, habilitaríao para oficinas ou espazos para xoves emprendedores que precisen ter un despacho ou unha pequena oficina para reunirse con clientes. Moitas veces non é doado emprender unha actividade se non tes un sitio mais ou menos "profesional" onde desenvólvela

ser un espazo dinamizador da cultura .

Na miña opinión, deberían centralizarse os servizos sociais por unha banda e os culturais por outra. Tendo en conta que a Xuventude non pode ter un uso administrativo (evidentemente), neste edificio podería atoparse un centro de estudos ou simplemente empregarse máis activamente e facilitar o acceso ás instalacións. Desta maneira Expo Salnés podería empregarse como sede da mancomunidade ou como parte das oficinas do concello (concentrando, por exemplo, certos trámites como o carné xoven que ata hai pouco había que ir facelos á Merced). Na zona antiga, que ata agora se empregaba como sala de exposicións si que sería lóxico ter unha exposición permanente de Asorey (que tristemente non ten museo municipal, e a maior exposición de imaxes das súas obras permanente en Cambados é no instituto).

menos para uso administrativo, calquera das anteriores me parece ben. pero que, o mesmo tempo, sigan igual certas seccións do centro!

Que sexa un verdadeiro espazo de diversidade actividades socioculturais para os cambadeses e para os veciños da comarca.

o que non me gustaria e que fora museo, xa temos un monton e solo sirven para que 4 amigos dos de sempre teñan un sueldo por ser os encargados, era mellor vter un e con moito contenido ,que un feixe deles como temos pa que non vaya naide

Centralizar no edificio os museos de Cambados.

PARA AFORRAR NON FACER O CENTRO DE DÍA NO ANTIGO MATADEIRO E FACELO EN EXPOSALNES. AFORRARIANSE CARTOS, E OS MAIORES ESTARIAN NUNHA ZONA MAIS CENTRICA. SO HABERIA QUE FACER PEQUENAS OBRAS.

Deixaríao para calquer agrupación ou asociación que necesitara un local!! Xa está ben de montar museos sin contido e centros culturais sin cultura!!

Podía usarse como Centro de Día (está preto, non no cu do mundo)

Xa que o centro comarcal está dividido estruturalmente como un museo, aproveitar isto para empregalo como tal. Penso que non hai mellor uso que un museo adicado a persoaxes tan importantes para a nosa vila como a Ramón Cabanillas ou Francisco Asorey.

Hai tantos supostos museos e tantas edificacións sen ningun tipo de utilidade, nada mais que darlle un posto de traballo ós seus!! que a miña opinión é que se cedan para asociacións ou para outros fins do pobo sin que supoñan OUTRO gasto mais para os cambadeses. A sede da DO Rias Baixas seria outra opción pero tamen seria outro tanto do mesmo....postos de traballo adxudicados a dedo para os seus amigos

Non marquei ningunha das propostas porque hay unha utilidade que se lle pode dar o edificio que non aparece nesa lista como é o centralizar nel ás sedes das diferentes asociacións culturais e deportivas que hay en Cambados desperdigadas por diferentes locais (ás que os teñen), é posible que o roce consiga que de paso traballen máis en conxunto.

Non creo q o concello se deba facer cargo de máis gastos nestes momentos de crise, agora segun a voz esta a ruta do viño Rias , espero q continue xa q a denominación de orixe non creo q deixe Pontevedra, e os salóns que ten teñen q estar a dispor das asociacións de Cambados e do Salnés e dar cursos, e non ten q estar en mans do Concello para poder usalo...

Co grande que é pódense facer diversas ofertas culturais. O que non pode ser é outro museo, ou centralizanse alí os que hai (están todos a desmán uns dos outros) ou non se poñen máis, que creo que xa chega de museos, que parece Madrid en vez do que é, unha vila. Poderíase crear un espazo con diversas actividades culturais, que foran xestionadas polos propios usuarios baixo a supervisión do concello. Na miña opinión pódense englobar asociacións e escolas de teatro (por exemplo teatro caracol...), salas para fins musicais dos grupos da vila (algo que por moito que digan que o auditorio é público, os grupos e intérpretes non teñen un sitio onde ensaiar, crear ou grabar con liberdade...) talleres de diversas artes que englobasen escultura, escrita, pintura e todo o que poidese ter un número de persoas levando a cabo esa actividade e facendoa viable...e aínda así poderíase facer museo, pero combinalo con demáis actividades artísticas e facer que o pobo poida participar delas, algo que non ocorre salvo en casos excepcionais, e coas xeracións de artistas que se están dando en Cambados (remítome ó artigo do Faro de Vigo) é un auténtico desperdicio que a xente non poida ter un sitio onde crear, cambiar opinións, puntos de vista, etc...sobre a actividade que realicen.